

Unidade 6. Expón un tema

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Cantas cousas se dixeron Lucas e Ana aquel mes? Moitas.

Falaron repetidas veces das novas que ían chegando pola radio sobre o desembarco británico en Francia. O 6 de xuño fora o día D: *This is the day*. A invasión xa comezou! O xeneral Eisenhower díxerlle ao pobo francés: «Espéranos un duro combate, pero despois virá a vitoria. 1944 será o ano da vitoria total». Iso animáraos e enchéralles os corazóns de esperanza.

Ese mes pasárono numerando as vilas e cidades francesas liberadas: Calais, Boulogne-sur-mer, Cherburgo... Facían conxecturas de cando chegarían a Holanda e cando o país volvería ser libre.

«Pronto, pronto», repetían.

Practicamente todos os días do verán houbo tormentas. Para equilibrar as novas que ían chegando sobre a guerra, non deixaba de chover. Os ceos cubríanse de gris e, de socato, caían grandes treboadas. Aquele ano o verán foi curto. Como se o outono non quixese esperar e chamase á porta.

No faiado, coas pingueiras provocadas pola choiva que se filtraban polas tellas, a rapaza non faltou a unha soa cita.

Falaron do tempo, daquel verán tan estraño; e de música, e de libros... e nunca do que sentían. Lucas riu coa afección de Ana pola danza, e ela do noxo que lle daban os chicharos. Cada un fixo unha lista das súas tachas e dos lugares aos que irían de viaxe algún día. Ana faloulle das súas mañás de estudo, dos repasos de Historia e de Xeografía, e Lucas de que as Matemáticas o facían sentir máis seguro.

E, sobre todo, máis que de outra cousa, falaron do futuro.

O 4 de agosto, un día soleado e fermoso, a señora E. Entrou na casa ás dez e media da mañá, pechou a porta con chave e sentou no sofá.

Lucas lía.

—Estás ben, mamá? —preguntou levantando a vista do libro de Historia. A súa nai sentíase fráxil.

—Si, si... é simplemente que...

Lucas deixou o libro e foi sentar xunto dela.

—Acabo de ver —continuou a señora E.—, como detiñan unha familia enteira de xudeus aquí ao lado...

Lucas tragou saliva.

—Na rúa Prinsengracht, xusto no edificio das marmeladas.

O corazón de Lucas comezou a rachar en anaquiños.

—Estaban revisando toda a fábrica, polo visto. Baixaron varios homes cun soldado, metéronos nunha furgoneta e leváronos a Deus sabe onde...

Lucas deixou de escoitar.

—Síntome tan mal por esa xente... —e de súpeto, a señora E. calou.

O seu fillo botouse a chorar sen consolo posible e abrazouse a ela, como un náufrago a unha táboa. Chorou como nunca chorara, e como nunca volvería chorar.

Nese instante, nese mesmo momento, a súa nai viu como deixaba atrás os derradeiros restos da súa nenez.

Bicouno na fronte.

Alí quedaron os dous mentres o silencio aboiaba arredor deles.

Xavier ESTÉVEZ



Unidade 6. Expón un tema

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

1. Contesta estas preguntas.

- Como se chama o protagonista do relato?

Lucas.

- Con quen falaba dende o faiado?

Con Ana.

- Cal é o conflito bélico que ocorre na historia? Investiga.

A II Guerra Mundial.

- Que lle pasaba á nai do protagonista?

Estaba triste porque acababa de ver como detiñan unha familia enteira de xudeus.

- De que se deu conta a señora E. cando Lucas choraba?

De que deixara de ser un neno.

2. O relato remata con Lucas chorando sen consolo. Escribe ti o que cres que ocorrerá despois deste acontecemento.

Resposta libre.

3. No texto aparecen as locucións adverbiais «de socato» e «de súpeto», teñen o mesmo significado ou son cousas distintas?

O mesmo. De repente, de xeito inesperado.

4. Escribe unha oración con cada unha.

Resposta libre.

Unidade 6. Expón un tema

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

5. Indica cales das seguintes oracións están en sentido literal e cales en sentido figurado.

- Manuel atravesoume coa mirada. → **Sentido figurado.**
- Despois de tanto buscar, encontraron o tesouro dos piratas. → **Sentido literal.**
- A planta do salón está murcha. → **Sentido literal.**
- O ciclista finés escalou dúas posicións na clasificación xeral. → **Sentido figurado.**
- O teu irmán ten unha mirada moi fría. → **Sentido figurado.**
- Atravesei toda a cidade a pé. → **Sentido literal.**
- Non sei que lle pasa a miña nai, leva murcha dúas semanas. → **Sentido figurado.**
- Quenta esta sopa que está fría. → **Sentido literal.**
- Os meus amigos son un tesouro. → **Sentido figurado.**

6. Forma con cada unha das seguintes palabras dúas oración, unha en sentido literal e outra en sentido figurado.

xirafa trompa neveira vender xoia galiñeiro

Resposta libre.

Unidade 6. Expón un tema

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

7. Imaxina un bosque. Fai unha descrición como se estiveses dentro del.

Resposta libre.

8. Agora escribe outra descrición do mesmo bosque como se estiveses fóra.

Resposta libre.

9. Describe esta paisaxe.

Resposta libre.